

Dictamen

(1/96)



CES
GALICIA

Consello Económico e Social de Galicia

Dictamen

(1/96)

I. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS VENDAS EN REBAIXAS E SE ESTABLECEN AS DÚAS TEMPADAS ANUAIS DAS MESMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

II. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAMENTA A IMPLANTACIÓN DE GRANDES ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA E CREASE A COMISIÓN CONSULTIVA DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS.

III. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS HORARIOS COMERCIAIS NO ÁMBITO DE COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ANTECEDENTES



1. Con data 23 de Abril de 1996 tiveron entrada neste organismo dous escritos da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Industria e Comercio de data 17.04.96 (R.5089) e 19.04.96 (R. 5083) en solicitude de suxerencias e/ou propostas sobre:

I.- Proxecto de Decreto polo que se regulan as vendas en rebaixas e se establecen as dúas tempadas anuais das mesmas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

II.- Proxecto de Decreto polo que se regulamenta a implantación de Grandes Establecementos Comerciais na Comunidade Autónoma Galega e crease a Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais.

III.- Proxecto de Decreto polo que se regulan os horarios comerciais no ámbito de Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Con data 23 de Abril remitiuse copia da documentación recibida ós membros do Consello e na sesión celebrada polo Pleno o día 29 de Abril, adoptouse o acordo de delegar na Comisión Permanente a elaboración e aprobación do Dictamen correspondente, habida conta de que aínda non estaban constituídas as correspondentes Comisións Sectoriais de traballo.

3. Tras conversas telefónicas mantidas polo Presidente do Consello có Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio e o Ilmo. Sr. Director Xeral de Comercio e Consumo autorizouse unha prudencial ampliación do prazo inicialmente sinalado para a evacuación do Dictamen, tendo precisamente en conta a fase de auto-organización na que se encontra o Consello. Con data 13 de Maio deuse traslado ó Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio dos acordos adoptados pola Comisión Permanente en orde ó procedemento a seguir para a elaboración do Dictamen e o prazo previsto para a súa remisión.

4. Con data 9 de Maio a Comisión Permanente estableceu o programa de traballo para abordar a elaboración do Dictamen requerido, fixando prazos para a remisión ó Consello dos textos das propostas das diferentes organizacións e entidades representadas na Comisión Permanente sobre as cuestións suscitadas pola Consellería de Industria e Comercio e para a elaboración da proposta de Dictamen e posterior aprobación do mesmo pola referida Comisión.

5. O Sindicato U.G.T. de Galicia, o Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia, a C.E.G., o Sindicato Labrego Galego e a Asociación de Usuarios e Consumidores remitiron, dentro do prazo sinalado, á Secretaría do Consello propostas concretas sobre os temas plantexados, que foron remitidas para seu coñecemento a tódolos membros da Comisión Permanente con data 20 de Maio.

6. Na sesión celebrada con data 22 de Maio a Comisión Permanente debateu as propostas presentadas e aprobou o seguinte

Dictamen

I. SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS VENDAS EN REBAIXAS E SE ESTABLECEN AS DÚAS TEMPADAS ANUAIS DAS MESMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían introducirse as seguintes modificacións no seu articulado:

Artigo 3, párrafo primeiro: *debería suprimirse.*

A esixencia ó comerciante de dispor de “existencias suficientes de produtos idénticos” para poder ofertar rebaixas é un plantexamento dificilmente asumible, non só pola inseguridade xurídica que conleva un termo tan impreciso como “suficiente” senon polo feito de que tal imposición rompe dalgunha maneira coa propia filosofía das rebaixas.

En efecto, éstas teñen unha dobre finalidade, por un lado permiten ó comerciante dar saída a unha serie de produtos de tempada que de non ser por este sistema probablemente quedarían sen vender, có conseguinte perxuício pola carga financeira que elo supón, xunto a incertidume ó descoñecer si na próxima tempada vanse poder vender ou non como consecuencia das modas. Por outra banda supón un beneficio para o comprador na medida que adquire un produto de calidade e de tempada, aínda que sexa ó remate da mesma, a un bo prezo.

O feito de que estemos falando de produtos que non poideron ser vendidos ó longo da propia tempada é consustancial coa posibilidade certa de que quede pouco número de produtos idénticos. É mais probable que queden pouco número de distintos produtos que moitos exemplares dun mesmo produto.

A maiores, a propia comprobación de dito requisito polos servicios de inspección resultaría difícil pois cada inspector podería ter un criterio diferente do que é a cantidade que merece ser calificada como suficiente.

Artigo 3, párrafo terceiro: debería ter a seguinte redacción: *Entenderase por prezo anterior, o último anterior vixente que fose aplicado sobre produtos idénticos durante un período continuado de alomenos 30 días.*

O párrafo terceiro deste artigo parte dun concepto estático dos prezos ó esixir que o prezo anterior que figurara na etiqueta ten que ser o que foi aplicado alomenos durante 30 días dentro dos 6 meses precedentes, pero non se dá solución si existen dous prezos diferentes que fosen aplicados durante mais de 30 días sobre cal sería o prezo a figurar.

Artigo 4, párrafo primeiro: *debería suprimirse.*

Ó igual que na Lei 10/1988, esíxese que o cartel comunicador das rebaixas indique o período de duración das mesmas. Esixencia de difícil encaxe na concepción que a propia Lei fai desta modalidade de venda, si do que se trata é de favorecer a venda de artigos de tempada ó remate da mesma. Si ademais a propia Lei esixe que os artigos obxeto deste tipo de venda fosen ofertados con anterioridade (prohíbe a adquisición específica para vendas en rebaixas), entón a venda en rebaixas permitirase realizala ata que se esgoten as existencias.

Sendo este un dato incerto e ademáis imprevisible, non existen razóns que xustifiquen a esixencia ó comerciante de facer unha previsión que descoñece si se vai a cumprir ou non. Igualmente é nula a utilidade para o consumidor si con independencia do período que figura no cartel as rebaixas vanse acabar no momento en que se esgoten as existencias. Calquer consumidor é consciente de que a medida que avanza os días de rebaixas a posibilidade de encontrar os artigos que desexa diminúen.

Artigo 6, párrafo primeiro: Debería ter a seguinte redacción: *As vendas en rebaixas só poderán ter lugar como tales en dúas tempadas anuais; unha iniciada o día 8 de Xaneiro e outra o día 15 de Xullo.*

O artigo 6 debe conter unha determinación das datas de inicio de cada tempada, quedando deste xeito xa institucionalizados ditos períodos para coñecemento dos consumidores.

Estimamos mais lóxico fixar unhas datas de inicio, sin fixar a data de remate, de cada tempada que queden xa prefixadas para tódolos anos, en lugar de facelo "anualmente" como establece o Proxecto.

Disposición Transitoria: *Debería suprimirse.*

Por coherencia coa modificación proposta para o artigo 6.

II. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAMENTA A IMPLANTACIÓN DE GRANDES ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA E CREASE A COMISIÓN CONSULTIVA DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS.

O Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían introducirse as seguintes modificacións no seu articulado:

Artigo 2: Debería quedar redactado da seguinte maneira:

1.- Terán a consideración de grandes establecementos comerciais ós efectos do disposto neste Decreto os locais e as construcións ou instalacións destinados ó exercicio regular de actividades comerciais, dos que a superficie útil para a exposición de venda ó público sexa superior a 2.000 m², en caso de municipios con poboación superior a 50.000 habitantes; 1.000 m², en caso de municipios con poboación entre 9.000 e 50.000 habitantes e 500 m², en caso de municipios con poboación inferior a 9.000 habitantes.

Debería engadirse un segundo párrafo co seguinte contido:

2.- Enténdese tamén por grande establecemento comercial de carácter colectivo aquel integrado por un conxunto de locais de venda situados na mesma edificación ou recinto, proxectados conxuntamente e que comparten a utilización de elementos comúns nos que se desenvolven as actividades comerciais de forma empresarialmente independente.

Coa redacción do párrafo primeiro que se propón, preténdese armonizar o precepto co establecido na vixente Lei 7/1996 de Ordenación do Comercio Minorista. E coa redacción do párrafo segundo preténdese aplicar a normativa á instalación das Grandes Áreas Comerciais, tendo en conta que os problemas que presentan son semellantes ós dos grandes establecementos de titularidade xurídica unipersoal.



Por outra banda, no que se refire ó concepto, a definición ofrecida polo proxecto de Decreto omite a posibilidade de que se consideren grandes establecementos comerciais os que se adican ó exercicio de actividades comerciais en días ou tempadas determinadas, tal e como aparece reflexado na referida Lei 7/1996 de Ordeación do Comercio Minorista.

Artigo 3: Debería incluír un novo apartado coa seguinte redacción:

m) Estudio do impacto nos sectores productivos galegos e no emprego.

Artigo 7, párrafo primeiro: *Debería suprimirse a referencia ós arts. 43 e 44 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

A invocada norma establece que a solicitude de autorización para a instalación de empresas considerárase estimada si non recae resolución expresa, e polo tanto supón a instauración do Silencio Positivo.

Non se pode estar dacordo con este extremo porque poderíase chegar a autorizar grandes superficies comerciais, aínda sendo lesivas para a competencia, simplemente polo feito de non emitir resolución expresa por parte da administración. Por elo, consideramos que tan só debe ser admitido o SILENCIO NEGATIVO.

Artigo 9: *Debe eliminarse a consideración como membros da Comisión Consultiva dos representantes do Consello Económico e Social.*

Non parece correcto propoñer a incorporación de representantes dun órgano consultivo, como o Consello Económico e Social, por entender que os temas a tratar na Comisión non entran nos cometidos asignados na normativa reguladora do devandito Consello. O noso rexeitamento da utilización do CES como ente de representación noutros organismos, xa que se desvirtuaría a finalidade para a que foi creado. Sería improcedente a arrogación por parte do CES da representatividade que lle é propia a cada un dos Sindicatos. A falta de consideración cos sindicatos, en canto na proposta da Xunta se dobraría a representación dos consumidores e usuarios.

Consideramos que deben formar parte da referida Comisión Consultiva tres membros das tres Organizacións Sindicais no ámbito da Comunidade Autónoma, en función da representatividade acadada nas eleccións sindicais.

Os dous expertos de recoñecido prestixio, designados libremente, deberían ter voz pero non voto.

III. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS HORARIOS COMERCIAIS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían introducirse as seguintes modificacións no seu articulado:

Artigo 1: *Debería substituírse polo texto do art. 1 do Decreto 20/1994 de 4 de Febreiro.*

Artigo 3: *Debería substituírse 10 domingos por 8 domingos, mantendo o resto da redacción.*

O Decreto 20/1994 do 4 de Febreiro fixa oito domingos ou festivos, onde non se incluían as festas locais de cada Concello que se consideran hábiles para efectos da actividade comercial. Considérase que cun máximo de oito domingos ou festivos é mais que suficiente; polo que se pide a exclusión da apertura de establecementos nas festas locais.

Artigo 4, párrafo primeiro: *Debería eliminarse a referencia ás farmacias, mantendo o contido do art. 4 do Decreto 20/1994.*

Artigo 4, párrafo terceiro: *Debería suprimirse.*

VOTOS PARTICULARES

VOTO PARTICULAR QUE FORMULA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA Ó PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS VENDAS EN REBAIXAS E SE ESTABLECEN AS DÚAS TEMPADAS ANUAIS DAS MESMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

No se menciona en el Decreto la posibilidad prevista en la Ley de que cuando la rebaja consiste en una reducción porcentual de un conjunto de productos, bastará con la colocación de un anuncio genérico sin necesidad de hacer constar la reducción en cada artículo ofertado, por lo que proponemos su inclusión en el articulado.

Consideramos conveniente que se fijen como fechas para el inicio de las temporadas de rebajas los días 15 de Enero y 15 de Julio, regulándose ambas en el artículo 6.

Santiago de Compostela, 23 de Maio de 1996.

VOTO PARTICULAR QUE FORMULA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA Ó PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAMENTA A IMPLANTACIÓN DE GRANDES ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA E CREASE A COMISIÓN CONSULTIVA DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS E O PROXECTO.

Es necesario realizar una serie de consideraciones que vienen condicionadas por el *modus operandi* elegido por la Consellería de Industria y Comercio para regular la concesión de licencias especiales ya que, a nuestro juicio, en dicho proceso debe recogerse la opinión del comerciante minorista ya establecido, cuestión que no se ve facilitada por la regulación propuesta.

En cuanto al procedimiento de presentación de solicitudes se considera más adecuado un desarrollo similar al recogido en la Ley 1/1996 de 10 de enero, de Comercio Interior de Andalucía, que establezca la necesidad de solicitar la licencia de apertura al Ayuntamiento correspondiente, quien ha de realizar un estudio donde se valore además de la adecuación de la instalación solicitada a los usos previstos en el planeamiento territorial en vigor y a la normativa relativa al otorgamiento de la licencia de obras, el impacto en el sistema viario, la accesibilidad y aparcamientos y la adecuación de las infraestructuras de abastecimiento y saneamiento de agua y las de suministro de energía eléctrica.

Este estudio ha de someterse a información pública y se oír a las principales organizaciones de empresarios y de consumidores de la zona afectada por dicha implantación.

La documentación a presentar por el solicitante en el Ayuntamiento será la relacionada en el artículo 3 del Borrador elaborado por esa Consellería.

En el caso de que estos informes sean favorables, el Ayuntamiento los remitirá a la Consellería de Industria y Comercio, junto con toda la documentación presentada por el solicitante, encargando ésta la realización de un nuevo informe a la Comisión Consultiva de Equipamientos Comerciales.

Con esto se pretende que esta Comisión pueda conocer la opinión de los comerciantes y consumidores de la zona donde se pretende instalar algún establecimiento de este tipo, y que de otra forma no sería posible escuchar.

Para la consecución de este fin debe modificarse el Texto del Decreto con el fin de hacer oír la voz del pequeño comercio existente, afectado directo por la implantación de una gran superficie comercial. Por ello, una vía óptima de cara al desarrollo de un procedimiento para la concesión de licencias especiales sería recurrir a un sistema parecido al señalado anteriormente.

Señalar también que el otorgamiento o denegación de la licencia comercial específica para la implantación de grandes establecimientos comerciales en base a la existencia de un adecuado equipamiento comercial, para lo que se habrá de tener en cuenta la mejora de la libre competencia y los efectos negativos sobre el pequeño comercio, supone fundamentar dicha licencia en aspectos muy genéricos, que quedarán sometidos a criterios de la Administración.

En el artículo dos surge la duda de si una agrupación de pequeños comercios en forma de centro comercial se considera o no gran establecimiento. Debería diferenciarse claramente que tendrá la calificación de gran establecimiento el perteneciente a una entidad, nunca una agrupación de pequeños comerciantes en forma de área comercial.

En la letra b) del artículo cinco entendemos debe contemplar expresamente que los Ayuntamientos preceptivamente recaben consulta de las organizaciones empresariales más representativas.

En el artículo siete al establecer que el otorgamiento o denegación dependerá de la existencia o no de un adecuado equipamiento comercial se da una definición compleja por lo genérico de los conceptos manejados en ella. A mayores, para valorar los efectos que éste pueda ejercer sobre la estructura comercial de la zona se consideran conceptos como la "mejora de la libre competencia" y "efectos negativos sobre el pequeño comercio", también genéricos, y que parece van a quedar sometidos al criterio discrecional de la Administración.

En el artículo nueve respecto a la composición de la Comisión Consultiva de Equipamientos Comerciales, nuestra propuesta sería la siguiente:

- **Presidente:** Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio.
- **Vicepresidente:** Ilmo. Sr. Director Xeral de Comercio e Consumo.
- **Vocales:**
 - a) Un representante de la Consellería de Industria e Comercio.
 - b) Un representante de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.
 - c) Un representante de las Cámaras de Comercio.
 - d) Un representante de la Federación Gallega de Municipios.
 - e) Cuatro representantes de la organización empresarial más representativa (es lógico el mayor número por la diversificación del comercio).
 - f) Un representante de Consumidores y Usuarios.
 - g) Un experto de reconocido prestigio, designado libremente por el Conselleiro de Industria por sus conocimientos en materia de comercio, con voz, pero sin voto.

Consideramos que a pesar de que el informe no tenga carácter vinculante, debe respetarse esta representación empresarial, ya que, de lo contrario, en la práctica el informe emitido quedaría a manos de la Administración, que es en definitiva quien ha de resolver la solicitud.

En cuanto al artículo 11 del borrador de decreto, consideramos que la Comisión no sólo deberá reunirse previa convocatoria del Presidente, sino que éste deberá también convocarla cuando así se lo soliciten al menos cuatro miembros de la misma, en cuyo caso en el escrito de solicitud de convocatoria deberán incluir los puntos del Orden del Día que pretenden se trate en la referida Comisión.

Santiago de Compostela, 23 de Maio de 1996.

VOTO PARTICULAR QUE FORMULA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA Ó DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS HORARIOS COMERCIAIS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En el artículo 1 estimamos que no es conveniente la fijación de horas de inicio y finalización de la actividad comercial, por cuanto la Ley 10/1988 de Comercio Interior de Galicia es de aplicación tanto al comercio mayorista como al minorista, y las peculiaridades en materia de horario son totalmente diferentes, incluso por zonas puede ocurrir que los horarios necesiten ser diferentes, piénsese por ejemplo en los mercados de frutas, la lonja de pescado, los Cash & Carry, siendo nuestra propuesta suprimir las horas 8,00 a 24,00 dejando libertad a cada comerciante para fijar sus horarios, siempre dentro del límite de la 72 horas semanales.

En el artículo 2 la exigencia del visado del cuadro horario por la Consellería de Industria ha de entenderse como una carga burocrática sin mayor eficacia pues la necesidad de dar publicidad al horario de cada establecimiento en beneficio del derecho de información del consumidor se cumple plenamente con la exigencia de la existencia de un cuadro horario visible en todo momento sin que el visado constituya garantía alguna de que esa obligación por parte del titular del establecimiento se cumple.

En el Artículo 3 se introduce una nueva ampliación en este caso referida al número de domingos hábiles para el comercio, pasando de 8 a 10, cantidad a la que hay que añadir los dos días de fiesta local que, aunque con redacción confusa, también se consideran hábiles para el comercio. Nuestra propuesta es la apertura en 8 domingos y dos festivos locales.

Por otra parte consideramos muy necesaria la regulación de la posibilidad de apertura del comercio minorista de alimentación durante la mañana del primer día festivo, cuando coincidan dos o más festivos consecutivos.

Habida cuenta de que los horarios de apertura y cierre pueden ser fijados libremente por el comerciante dentro de los límites establecidos en el proyecto, la exigencia del visado del cuadro horario ha de entenderse como una carga burocrática sin mayor eficacia pues la necesidad de dar publicidad al horario de cada establecimiento en beneficio del derecho de información del consumidor se cumple plenamente con la exigencia de la existencia de un cuadro horario visible en todo momento incluso cuando el estable-

cimiento está cerrado, sin que el visado constituya garantía alguna de que esa obligación por parte del titular del establecimiento se cumpla. Por otra parte bastará que el servicio de inspección vea la existencia y contenido del cuadro horario para verificar si el mismo está entre los límites establecidos ubicados en localidades en las que se celebren ferias o mercados tradicionales en tales días.

Santiago de Compostela, 23 de Maio de 1996.

En Santiago de Compostela a 27 de Maio de 1996

Vº e P

O Presidente

Luis Suárez-Llanos Gómez

O Secretario Xeral

Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

